



Apartado primeiro

MANEXO FOLLA DE CÁLCULO:

1º- Confeccione nunha folla de calculo (excell) un CADRO que teña a seguinte estrutura:

Nº de columnas: 4

Nº de filas: 6

Primeira fila: *Texto en negrita.*

Marcados: *todas as liñas*

Fuente y Tamaño: *Calibri 10*

Alineación del texto: *Esquerda*

Diseño de páxina: *Orientación horizontal*

2º- Sobre o cadro realizado **INSERTE** os seguintes datos, axustandoos á estrutura e formato anteriormente sinalados:

ACTUACIÓNS	PROXECTO	OBRA EXECUTADA	% EJEC
1 INSTRUMENTACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA	16.844,64 €	17.346,42 €	
2 EQUIPOS CONTROL, AMPLIACIÓN E MELLORA	15.059,38 €	17.371,38 €	
3 XESTIÓN DE RESIDUOS	800,00 €	800,00 €	
4 SEGURIDADE E SAÚDE	800,00 €	800,00 €	
Total			

3º- Axuste o formato de cada celda en función do tipo de datos insertados (General/moneda/porcentaje).

4º - Na columna “% EJEC” calcule, para cada fila, a porcentaxe de obra executada en relación ao proxecto, empregando unha fórmula válida a tal efecto.

5º.- Na fila inferior totalice a suma das cifras existentes nas columnas “PROXECTO” e “OBRA EXECUTADA”, empregando unha fórmula válida a tal efecto. Finalmente calcule na celda inferior dereita a porcentaxe total de obra executada respecto á de proxecto, empregando unha fórmula válida a tal efecto.

PUNTUACIÓN MÁXIMA APARTADO: 2,5 puntos, a razón de:

0,50 puntos por cada un dos subapartados.



Apartado segundo

PROCESAMENTO DE TEXTO:

- Realice o procesamento informático (en formato WORD) do texto que se inserta a continuación, de xeito literal e de acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

Fuente: Calibri
Tamaño fuente: 10
Margen: Justificado
Sangría especial: Ninguna.
Espaciado posterior: Automática.
Interlineado: Sencillo.
Idioma: Galego.

Unha vez finalizadas por completo as obras e postas en servizo púidose facer unha medición detallada de cada unha das partidas do Proxecto e valorar así o importe exacto da liquidación. A continuación analízanse os diversos capítulos do orzamento e detállanse as principais variacións nas medicións a fin de validalas e xustificalas técnica e economicamente.

- *Capítulo 1.- Instrumentación, Ampliación e Mellora .- A partida correspondente ao cable de medida sofre un incremento pasando de 3 unidades a 5 debido a que os trazados das canalizacións existentes na EDAR resultaron ter unha maior lonxitude da prevista. O resto das partidas non se modifica.*
- *Capítulo 2.- Equipos Control, Ampliación e Mellora .- Durante a execución da obra decidiuse que a conexión e os sinais dos dous caudalímetros fosen independentes e, por outra banda, o número de sinais a xestionar no autómatas resultou superior ao previsto, razóns polas que foi necesario instalar dúas unidades adicionais de tarxetas de entrada/saída cos seus correspondentes equipos. O resto das partidas non se modifica.*

PUNTUACIÓN MÁXIMA APARTADO: 0.5 puntos.

Valorarase a literalidade de transcripción de acordo con todas as especificacións sinaladas.



Apartado terceiro:

CONFECCIÓN DE DOCUMENTOS OFICIAIS:

- Confeccione en WORD os seguintes documentos oficiais:

1º.- INFORME TÉCNICO:

De acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

1ª.- Elaborado a partir do documento procesado no apartado anterior e asinado polo Enxeñeiro industrial municipal do Concello de Rábade D. Armando Puentes Viejos.

2ª.- Deberá pegarse en dito informe o cadro de excell realizado no apartado primeiro, con formato Imagen, a continuación do texto transcrito ao que se fai referencia no apartado segundo.

2º.- OFICIO DE ALCALDÍA.

De acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

1ª.- Expedido polo Sr. Alcalde-presidente D. Francisco Xosé Fernández Montes e dirixido a AUGAS DE GALICIA. Praza de Camilo Pérez Baliño, 7-9. 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA .

2ª.- O oficio realizado deberá conter o seguinte tenor literal: "Xunto remito informe técnico de exceso de medicións relativa ao proxecto de Ampliación e mellora da instrumentación da EDAR de Rábade, aos efectos que correspondan."

Ambos documentos deberán ter o seguinte formato:

Fuente: Arial

Tamaño fuente: 10

Margen: Justificado

Sangría especial: Ninguna.

Espaciado posterior: 6 puntos.

Interlineado: 1,5 lineas.

Idioma: Galego.



Remita por e-mail os catro documentos elaborados (cadro en excell, documento procesado en word, informe técnico e oficio de Alcaldía) ao seguinte enderezo electrónico: secretariorabade@hotmail.com.

FINALMENTE imprima cada un dos documentos anteriores e asíneos ao pé de cada folla indicando nome e apelidos mais DNI.

PUNTUACIÓN MÁXIMA APARTADO: 2,00 puntos, a razón de:

Valoración subapartado 1º (informe técnico): 1 punto.

Valorarase a literalidade de transcripción de acordo con todas as especificacións sinaladas, de xeito en que o documento administrativo sexa claro, conciso e non induzca a erro respecto ao seu contido e forma.

Valoración subapartado 2º (oficio): 1 punto.

Valorarase a literalidade de transcripción de acordo con todas as especificacións sinaladas, de xeito en que o documento administrativo sexa claro, conciso e non induzca a erro respecto ao seu contido e forma.